CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 1

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

# Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 135. Abril 2017. Distribución gratuíta

## Melide está de moda volveu a acoller un desfile cheo de novidades.

O comercio de Melide volve a facerse ver sobre o escenario presentando a colección Primaveira - Verán 2017 .Desde os mais cativos pasando por as tendenzas para xovenes , moda senior ou roupa para festas e eventos.
Un amplo abano dónde escoller , con todos esos ingredintes e un un auditorio cheo de xente , fixose ver unha vez maís a unión e a forza coa que comerciantes da vila e ASETEM traballan.

**MELIDE**

P13. O concello de Melide saca a licitación tres obras financiadas por a PAI da Deputación

**COMARCA**

Unha moción de censúra deixa o PSOE en sobrado sen alcaldía. P14

**CULTURA**

A Foliada de Melide presentá o cartel- para a sua XIII edición . P18

**ENTREVISTA**

**Diego Sánchez de SIC ClickFer, P23**

## Melide acolleu as probas de traballo para cans de caza.

Celebrouse a Terceira edición das Probas de Traballo para cans de caza dentro da Copa Galicia Terra de Melide. P 11

## A Banda de Visantoña celebrá o seu 140 aniversario.

Cento cuarenta anos, son os que cumple a agrupación musical, distinguindose asi como a banda galega de maior antigüidade.P 14

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

27 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 2



## Editorial

# Apoio os mais cativos.

Tamén as pequenas e grandes empresas teñen dereito a prosperar , reforzarse e se así é necesario obter uns bos resultados como as grandes en reductos de mercado específicos. O modo que encontraron en Europa para conseguilo consiste en centrar a súa actividade en productos específicos, nos que están presentes as tecnoloxías avanzadas e sen risco que as grandes compañías entren en competencia porque son productos que esixen gran cuidado e atención . En Alemania coñecense por o nome de mittelstand e en España denominanse un pouco a bartola como , minimultinacionales, porque soen contar con pequenas representacións en varios países , que é dónde colocan os seus productos especializados . Podiamos decir que estamos ante casos no que o negocio consiste en manter a empresa entre un tamaño pequeño e mediano .

O término de minimultinacional pode chegar a ser equivoco porque, por citar unha cuestión , unha multinacional dispón de capacidade de influencia en cada país dónde opera sobre os factores que influen sobre o seu producto , sean infraestructuras , axudas públicas , ventaxas laborales ou fiscales . Non e o caso das minis ; teñen presenza en outros páises , pero so con carácter representativo a efectos da propia maquinaria da empresa . A cuestión das mittesland en España ten que ver co seu escaso peso relativo no conxunto total de PYMES na relación o peso proporcional que estas minis especiales teñen en outras economías.

E isto o que temos que explicar, e na medida do posible, correxir. A escaseza de minis ten que razonarse a partir da debilidade xeral do sistema empresario Español. A primeira por orde de importancia e o escaso sistema de financiación das pymes. Se nun momento critico para as caixas de aforro que nalgún entonces era manifestablemente mellorable a día de hoxe esta reducido prácticamente a mínimos vitales . As razón ou escusas son abundantes e a máis escoitada insiste nos efectos da crise financieira e no dano que causa no negocio bancario o nivel cero dos tipos de interés. A tecnoloxía, mais ben a escasa preocupación por ela , tamén influe .

A pesar de que en todos os manuais de xestión figura alto e claro que a prosperidade de unha empresa ( con independencia do seu tamaño ) e as suas expectativas de beneficio depende da calidade do seu capital humano e da sua inversión en capital tecnoloxico , desgraciadamente as empresas ( sobre todo as pymes ) tenden a recurrir en momentos de aflicción a reducción de empleo e recortes de salario nos momentos de bonanza a estabilizar os gastos. Se as Pymes concentran a creación de emprego en España farían ben en reflexionar sobre isto.

## Tribuna de opinión

### Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Volvese a repetir, cando vemos debates políticos, sempre se lanza a púa de que marcharon un par de diputados provinciais ou uns cantos concelleiros , que estamos perdendo fol, que cada vez contamos con menos xente, en definitiva, argumentos valeiros, que de sobra se nota que son proporcionados por aqueles que traicionaron aos seus votantes, xa que no hai que olvidar que estos "políticos tránsfugas" foron escollidos por os cidadáns nos seus respectivos municipios.

Cando un chega á Política e ocupa un cargo, sexa o que sexa, debe ser responsable e serio, xa que pertencer a un Partido supón integrarse no mesmo,antepoñer o interese xeral ao interese particular e persoal, e mirar polos cidadáns e non pensar en que se chega á Política para vivir do conto.Todos coincidimos en que é imposible estar de acordo co 100% do ideario dun Partido, xa que nos Partidos hai diversidade de opinións que é o que fai que esta porcentaxe de acordo sexa prácticamente unha utopía.

O que é incomprensible é que alguén que non coincide absolutamente en nada co ideario dun Partido se presente baixo as súas siglas e cando obtén o que busca abandone o mesmo , caso que acabamos de ver con claridade na moción de censúra presentada na nosa comarca .Isto é sen dúbida unha traizón ao Partido que confiou neles para que lles representase nunha candidatura, para posteriormente presentarse a unhas eleccións e representar a uns cidadáns que confiaron no partido, xa o escribiu Georges Clemanceau, un dos políticos máis importantes da III República francesa cando afirmaba que "un traidor é un home que deixou o seu partido para inscribirse noutro", frase que podería aplicarse aos tránsfugas ,xa que abandonan a formación que lles levou a ocupar ese escano e intégranse noutro Grupo Político .Por decencia e respecto aos seus votantes, estes tránsfugas oportunistas deberían entregar o acta e marcharse, xa que deixaron de representar aos mesmos para única e exclusivamente manter o soldo que entre todos lles pagamos, pola súa inexistente actividade política.

O que se extrae de todo isto, é que hai que buscar mecanismos reais en relación ao Pacto Antitransfuguismo e nos acordos anticorrupción que todos os cidadáns subscribimos para que o escano pertenza ao Partido e non á persoa.

**Cerne**

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Margarita Vilariño Rivadulla
**EDICIÓN**: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
**COLABORACIÓNS:** Xosé Núñez, César C. Vega
**AGRADECEMENTOS:** Pilar López, Adolfo Álvarez, Laura Díaz
**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.
**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

## ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....14
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 3



# Reposteiros de Melide levan os seus doces ao forum gastonómico da Coruña .

Un ano máis, o Concello de Melide estivo presente no Fórum Gastronómico que se celebrou en ExpoCoruña entre os días 12 e 14 de marzo como unha acción promocional da vixésimo sexta feira o Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide. O melindre, o rico e o améndoado estiveron representado entre os máis de 200 expositores que amosarón as últimas novidades da gastronomía galega na provincia.

Trátase de expoñer a calidade do produto ligado á terra, feito a man, de marcado carácter tradicional que posúe unha simbiose perfecta coa alta gastronomía actual. O doce será a proposta melidense, que en palabras de Luis Arias, concelleiro de promoción económica, "Os doces de Melide son especiais, tanto polo seu sabor exquisito como pola forma de elaboralos; o seu potencial de maridaxe coas técnicas de actualidade en gastronomía é infinito". De aí a importancia de estar presente neste tipo de feiras, como un elemento promocional máis que o Concello aporta á Festa do Melindre, declarada festa de interese turístico no ano 2013. Os doces melidenses poderán atoparse no stand 155 baixo o nome da Festa do Melindre.

Concello de Melide e Asociación da Repostería Tradicional Melide Terra Doce acoden da man a este evento xa que se trata "dunha boa oportunidade para promocionar os nosos produtos e ao mesmo tempo dar a coñecer tamén a Festa do Melindre, que para nós é o máximo evento para difundir a existencia dos doces tradicionais de Melide".

O stand da Festa do Melindre, contou nesta ocasión coa colaboración do alumnado do ciclo de Pastelería da Efa Piñeiral e a súa docente, Beatriz Sotelo, cunha Estrela Michelín, que estivo presente no Forum e que axudou a promocionar os doces típicos de Melide. O alumnado a maiores de prestar axuda nas actividades de venda e degustación do producto, tamén realizaron un

*Alberto e Román xunto con Dalia García e membros do forum.*

*Augardentes, licores,melindres,ricos e amendoados.*

obradoiro no stand chamado #QueRico, que presentou unha degustación de sobremesa xeada con crumble a base de masa de rico melidense.

O Concello de Melide, a maiores de dar a coñecer aos asistentes os doces melidenses tamén aproveitou para divulgar a Festa do Melindre que se celebrará na localidade a segunda fin de semana de maio, como ven sendo tradicional e que este ano combinará o formato do ano pasado, con actividades programadas no eido da gastronomía e degustación o sábado e a festa propiamente dita, no formato tradicional o domingo.

**ACTIVIDADES DOCES**

Dende o colectivo levaron a cabo outras accións dentro do Forum Gastronómico para promocionar os doces tradicionais.

O luns día 13 de marzo ás 13h do mediodía tivo lugar no propio stand unha degustación maridaxe da repostería melidense xunto con Licores e Orujos de Galicia, coa bodega Viña Blanca do Salnés, dirixido pola etnóloga responsable desta bodega, Sonia Otero, tamén embaixadora da Festa do Melindre.

Do mesmo xeito, e continuando coa promoción dos melindres, ricos e amendoados, o martes día 14 tivo lugar no espazo Ágora do Forum unha clase maxistral sobre a elaboración dos ricos, que correu a cargo de Miguel Vila, xornalista gastronómico director da publicació BenBo e embaixador do Melindre. Ao final, a maiores de degustarse os ricos, tamén houbo a posibilidade de probar os melindres e os amendoados. Os asistentes a esta actividade coñeceron os segredos da elaboración dos ricos, e gozaron do sabor dos melindres e dos amendoados.

## Os Augardentes e Licores tradicionais de Galicia volven unirse coa repostería tradicional de Melide.

A vogal do Consello Regulador e enóloga, Sonia Otero, e o presidente da Asociación Melide Terra Doce, Alberto Rodríguez, dirixiron a sesión na que participaron ao redor de 40 persoas.

Os Augardentes e Licores tradicionais de Galicia e a repostería tradicional de Melide volveron a unirse nunha cata maridaxe. A cita desenvolveuse dentro do VII Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade, Vinis Terrae 2017, no recinto feiral Expourense.

A vogal do Consello Regulador dos Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia e enóloga, Sonia Otero, e o presidente da Asociación dáRepostería Tradicional de Melide, Alberto Rodríguez, foron os encargados de dirixir este seminario no que participaron ao redor de 40 persoas. Nesta ocasión, degustáronse dúas augardentes de Bagazo de Galicia con distinta base de variedade de uva (albariño e un híbrido da zona do Ulla), ademais de Licor de Herbas de Galicia, para finalizar co Licor Café de Galicia.

A través das explicacións de Sonia Otero, os asistentes puideron distinguir as diferenzas en cheiros e sabor das dúas augardentes degustados. Deste xeito, a vogal do Consello Regulador destacou a importancia da materia prima á hora de elaborar os produtos amparados pola Indicación Xeográfica Bagazo de Galicia, xa que o propio bagazo das uvas é o que achega a diferenciación en matices entre un augardente e outro.

Continuou a cata cun Licor de Herbas de Galicia. Sobre este, a enóloga concretou as diferenzas existentes entre este produto e o Augardente de Herbas de Galicia. No primeiro caso, o destilado deberá conter, como mínimo, 100 gramos de azucres por litro, mentres que no caso do Augardente deberá ser inferior a esta cantidade. Finalizou a explicación sobre os produtos amparados co Licor Café de Galicia, cuxa elaboración tamén depende do tipo de café que se utilice como base.

Pola súa banda, Alberto Rodríguez introduciu aos asistentes a cáta maridaxe á Repostería Tradicional de Melide, representada polos melindres, ricos e amendoados. O presidente da Asociación Melide Terra Doce lembrou que todos estes produtos elabóranse de maneira artesanal, acumulando a sabedoría de varias xeracións de reposteiros melidenses.

As características destes produtos galegos de calidade conxugan á perfección cos Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia. Algo que se puido comprobar nunha sesión no Salón Vinis Terrae. Así a cáta maridaxe concluíu cunha degustación de melindres, ricos e almendrados en combinación con produtos amparados polas Indicacións Xeográficas Bagazo de Galicia, Licor de Herbas de Galicia e Licor Café de Galicia.

**Cáta e coctelería.**

O barman Anxo Camiña foi o encargado de mostrar aos asistentes o potencial dos produtos amparados na elaboración de cócteles de primeira calidade.

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 4



## POR SER DE XUSTIZA

# O desafiuzamento do arrendatario por impago

*Eva Novás*
**Avogada**

O desafiuzamento é un procedemento xudicial previsto para que o propietario dun inmoble arrendado, vivenda ou local de negocio poida recuperar a posesión do mesmo. O motivo máis frecuente para acudir a el é cando o arrendatario deixou de pagar as cantidades acordadas, que poden ser tanto a renda polo aluguer como outros conceptos como, por exemplo, os recibos da subministración de auga, luz, etc... ou incluso as cotas da comunidade de propietarios, xa que se entende esta falta de pago como un incumprimento por parte do inquilino da súa obriga principal.

Serve tanto para recuperar o inmoble arrendado, desaloxando ao inquilino (o que se coñece como lanzamento), como para reclamar estas cantidades debidas. Ao contrario do que sucedía ata hai pouco tempo, non é necesario que se acumulen as mensualidades: basta coa débeda dun único mes de renda para poder solicitar o desafiuzamento, se ben o aconsellable e razoable é agardar polo menos un par de recibos para comprobar que non se trata dun feito illado e puntual. En calquera caso, a falta de pago do inquilino non autoriza ao arrendador a realizar algunhas condutas como cambiar o pecho da porta, deixar de pagar os recibos (se é o arrendador quen os paga e logo os repercute), ou incluso cortar a subministración de auga ou de luz. Mentres o contrato de aluguer non se rescinda polas partes ou xudicialmente, o arrendatario é o posuidor da vivenda e estas actuacións poden ser enten-didas como coaccións, se o inquilino as denuncia.

O habitual é intentar unha solución amistosa e extraxudicial antes de demandar. Neste caso, é moi importante que esa reclamación previa se faga de modo correcto e no seu debido tempo, pois se o que se pretende é o desaloxo do inquilino moroso, deberá ser aportada á nosa demanda e é necesario que cumpra con todos os requisitos legais a fin de que este non poida evitar o desafiuzamento cun pago tardío. No caso de que neste tempo o inquilino desexe abandonar a propiedade pola súa propia vontade, é conveniente que a entrega da posesión do inmoble e das chaves quede documentada, polo que esta entrega se acostuma a facer no xulgado.

A demanda de desafiuzamento precisa de procurador e avogado e unha vez que se lle notifica ao inquilino, este dispón de dez días para que compareza e se opoña, pague ou desaloxe. O procedemento pode ser máis ou menos longo en función de cal sexa a decisión do arrendatario cando se lle notifica: pode opoñerse á demanda, entregar a vivenda sen pagar, quedarse na vivenda e non pagar (o que obrigaría ao lanzamento) ou ben pagar a débeda e entregar a vivenda. É dicir, que se o arrendatario non comparecese nin pagase o reclamado, o xulgado directamente sinalaría un día para o desaloxo sen necesidade de xuízo, finalizando así procedemento e pasándose ao lanzamento na data que o xulgado sinale.

O lanzamento merecería explicación aparte en canto ao necesario para que non só se trate de desaloxar e de reintegrar o inmoble ao seu propietario, senón que se garantan os dereitos do arrendatario e das persoas que con el convivan, dos prazos para a retirada das pertenzas, etc... A grandes trazos, pode ser voluntario ou pola forza, e a comisión do xulgado terá que deixar constancia da entrada, de se hai que forzar a pechadura e cambiala, da entrega das novas chaves ao propietario ou ao seu representante e do estado no que se atopa a propiedade, sendo moi importante pedir que se fagan constar todos os danos que se aprecien para poder reclamalos posteriormente.

**Eva Novás Mato**
**Avogada**

**Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE**
**Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18**

## INFORMACIÓN FISCAL DE INTERESE

**CAMPAÑA RENDA 2016.**

- Obriga de declarar polo I.R.P.F.: persoas físicas con residencia habitual en España, coas rendas que se sinalan:

**a)** Rendementos íntegros do traballo cos seguintes límites:

- 22.000€ anuais, se proceden dun único pagador ou de varios pagadores cando:

-A suma das percepcións do segundo e restantes pagadores non superen en conxunto 1.500€ anuais.

-Os únicos rendementos do traballo consistan en pensións da S.S. e demais prestacións pasivas e que a determinación do tipo de retención aplicable se realizase segundo a normativa.

- 12.000€ anuais cando:

-Procedan de máis de un pagador, e o segundo e restantes pagadores superen os 1.500€ anuais.

-Se percibiron pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos, salvo que procedan dos pais por decisión xudicial.

-Se o pagador dos rendementos non está obrigado a reter.

-Se perciben rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.

**b)** Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais suxeitas a retención ou ingreso a conta cando superen os 1.600€ anuais.

c)Rendas inmobiliarias imputadas que procedan da titularidade de inmobles, rendementos íntegros de letras do tesouro e subvencións para a adquisición de vivenda de protección oficial co límite de 1.000€ anuais.

-Non terán obriga de declarar: Os contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos do traballo, do capital mobiliario e inmobiliario, de actividades económicas, así como de ganancias patrimoniais, suxeitas ou non a retención, cando a suma de todos eles non supere 1.000€ anuais e perdas patrimoniais inferiores a 500€.

**PRAZOS:**

**05 de Abril de 2017:** inicio de servicios telemáticos RENTA WEB, para a presentación de rendas vía electrónica.

**26 de Xuño de 2017:** último día para domiciliar rendas con resultado a ingresar.

**30 de Xuño de 2017:** último día de campaña de renda, e por tanto, último día para poder presentar declaracións.

Cando a declaración saia con resultado a ingresar poderase fraccionar en dous prazos: o 60% da cota ingresarase como data límite o 30 de Xuño e o 40% restante o 6 de novembro de 2017.

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 5



# DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

## ASESORÍA

**CC Xestión**
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
**Seguros Bilbao**
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

## CANTEIRAS

**Canteras Prebetong**
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76
**Canteras Richinol**
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

## CARPINTERÍA

**Aluminios Melide**
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12
**Blangar**
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
**Maderas Ovidio Leiva**
Belmil, Santiso
608 58 74 47

## COMERCIO

**Bodejas Mejuto**
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62
**California 66**
Rosaleda, 5
687 77 64 36
**Calzados Broz**
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
**Cárnicas García**
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
**Carnicería Penas**
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98
**Carnicería Río**
Rda. de Pontevedra, 17
610 77 83 19
**Carola Moda 2000**
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
**Casa Juanito**
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
**Casa Santos**
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
**Centro Comercial Ares**
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
**Cociñas M. Buján**
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
**Colorín Colorado**
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60
**Cooperativa Melisanto**
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
**Deportes López**
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
**Disfruta**
Rda. da Coruña, 18
606 97 04 98
**Distribuciones Mella**
Xoán XXIII
981 50 60 68
**DivaPro Hair&Beauty**
Rda. da Coruña, 58
607 26 77 82
**Ekaté**
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17
**Electrosan**
Martagona, 13
981 50 79 64
**Estanco Angarela**
Progreso, 9
981 50 60 96
**Electricidade Vilela**
Avda de América, 34
981 50 59 00
**El mundo del pintor**
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
**Espomasa**
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
**Establecimientos El Mueble**
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
**Eurocadena**
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
**Ferretería Noguerol**
Convento, 28
981 50 50 29
**Floristería Maru**
Convento, 9
981 50 75 80
**Floristería Strelitzia**
Cantón S. Roque, 46
881 81 91 01
**Floristería Tarrío**
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
**Frutas Nati**
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
**Fuciños Rivas**
Rda. da Coruña
981 50 50 47
**Imaxina**
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
**Imprenta Meligraf**
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
**Intres Fotografía**
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24
**Jim Sports Technology**
Madanela S/N
981 50 64 34
**José Xaneiro**
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
**Joyería Oro Ley**
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
**Joyería Silvela**
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97
**La Cortina**
Avda. Lugo, 43
981 50 63 58
**Laia Zapateiros**
Praza Convento, 4
626 25 20 54
**Leiva Motosport**
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
**Librería Cousas**
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
**Librería Victorio**
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
**M&M Moda**
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
**Magnín**
Rda. da Coruña, 32
881 99 84 49
**Marvi**
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
**Medusa Moda**
Rda. da Coruña, 26
881 97 82 79
**Melimática**
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
**Mis mejores labores**
Avda. América, 3
657 43 56 99
**Mobles Ares**
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
**Modas El Dándolo**
Convento, 15
981 50 63 70
**Muebles Paula**
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
**Muxica Tenda Xoven**
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
**Óptica Abal**
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97
**Óptica Melide**
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
**Óptica Novalux**
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99
**Ortopedia Ortosaúde**
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
**Panadería e Pastelería Toques**
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
**Pastelería Estilo**
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53
**Pastelería Triskel**
Novoa Santos, 32
981 50 50 98
**Perfumería Lyss**
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
**Pescados e Mariscos Manolo**
Rosaleda, 10
629 81 20 29
**Ramón Cabado**
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
**Ramón Pampín Bango**
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
**Recambios Sando**
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19
**Recambios Vulcano**
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18
**Ribeirao**
Convento, 12
981 50 50 18
**Romero Zapaterías**
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56
**Rubén Pacior S.L.**
Pol. Madanela, 100-102
981 50 70 11
**Sanoguera Fotografía**
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10
**Sisuka**
San Pedro, 5
881 97 58 62
**Sport Moda**
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17
**Stardemoda**
San Pedro, 10
626 56 49 02
**Sueños**
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87
**Suministros Industriales Cire**
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54
**Supermercados Gómez**
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
**Tu Boutik**
Rda. Pontevedra, 61
881 05 63 94
**Zapatería Pequeniños**
San Pedro, 4
981 50 79 66
**Xebre**
Mateo Segade, 1
981 50 57 23
**Xoiería Roval**
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31

## CONSTRUCIÓN

**Barreiro Lodeiro, J.**
Baltar, Melide
981 51 53 86
**Const. M. Espiño**
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
**Const. Leonardo Miguélez**
Santa María, Melide
981 50 52 73
**Const. Pichel Hnos.**
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
**Cubiertas Hermanos Blanco**
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94
**Excavaciones Paradela**
Ribeiro,s/n
981 50 55 92
**Hijos de Casal Mariño**
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
**Hormigones Carral**
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
**Hormigones Myhnor**
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
**Marmolería Melide**
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
**Química Industrial Proquintas**
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
**Revestimientos Rifer**
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

## HOSTALERÍA

**Bodega Curros**
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
**Casa Alongos**
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34
**Café Chaplin**
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
**Cafetería M40**
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44
**Cafetería Stop**
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
**Dúas Rúas**
Rúa Principal, 5
600 69 99 44
**Espectáculos Ángel Seoane**
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
**Hotel Carlos 96**
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
**O Tobo do Lobo**
R/Luis Seoane, 8
981 50 77 73
**Parillada O Carburo**
Villamor, Toques
981 50 49 07
**Parrillada Rúa**
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
**Pazo de Eidián**
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
**Pulpería Ezequiel**
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
**Pulpería Taboada**
Avda. Lugo, 22
981 50 74 26
**Xamonería Garceiras**
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

## SERVIZOS

**Academia Besbello**
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52
**Albergue Vilela**
Rúa San Antón, 2
616 01 13 75
**Annic Difusión**
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94
**Avogados Ana Pernas & Miguel Fernández**
Luis Seoane, 2
981 506 455
**Clínica Dental Ana Marcos Cardo**
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
**Clínica Dental Karim**
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44
**Estación de Servicio Corredoiras**
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
**Eva Novás abogada**
Rúa San Antón, 5
981 50 72 17
**Extractores Villamor**
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33
**Fisioterapia Lili**
San Pedro, 16
981 50 72 06
**Fisio-Vida**
Florentino Cuevillas,16
981 50 70 47
**Gasolineira Bocelo**
Avda. de Lugo
981 50 62 50
**Hardgalicia - "R"**
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
**Intermax Technology**
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737
**Mofitel Comunicac.**
Santiago de Compostela
693 62 21 85
**Skala Peluqueros**
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
**Parafarmacia Cantón**
Cantón de S. Roque, 28
981 93 73 50
**Perruquería Santín & Amo**
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75
**Servinet**
Vitiriz, s/n
697 89 24 66
**Tecnamelide**
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
**Xanela Ocio**
Rosalía de Castro, 12
634 24 34 69
**Yethi Carburantes**
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71

## TALLERES

**Autos Mar**
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36
**Desguaces Lual**
O Coto (Melide)
981 50 73 52
**Melicar**
Avda. de Lugo, 95
981 50 76 25
**Motor Melide**
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
**Neumáticos Melide**
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00
**Talleres Leiva**
Madanela, Melide
981 50 52 11
**Talleres Mejuto**
Sta. María, Melide
981 50 59 99

## SOCIO COLABORADOR

**Mª Carmen Carreira Simón**
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80
**La Caixa**
Alexandre Bóveda, 1
881 03 08 20
**Banco Sabadell**
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

## TRANSPORTES

**Cabado Rguez, J.R.**
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
**Nutripor S.A.**
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70
**Rey Sánchez S.L.**
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
**Transportes Sierra**
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18
**Transportes Zas**
Palas de Rei
982 18 34 04

## ENXEÑERÍA

**Javier López López**
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 6



# SUBVENCIÓNS

**AXUDAS Á PROMOCIÓN DE EMPREGO AUTÓNOMO E AXUDAS A PERSOAS TRABALLADOREAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS (DOGA nº 50 DO 13/03/2017).**
**Programa I: PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO**
*Beneficiarios:* Persoas que causen alta en autónomos entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017 e que previamente estivesen inscritas como demandantes de emprego.
Obrigas: Realizar a actividade durante dous anos.
Contía: 2.000 euros podendo chegar ata 4.000 euros dependendo do colectivo.
Prazo: ata o 30 de setembro.
Programa II: AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS.
Beneficiarios: Autónomos pola primeira contratación que fagan con carácter indefinido durante o primeiro ano de actividade, ou pola segunda e terceira contratación con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade. As contratacións faranse entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017.
Obrigas: manter a persoa contratada 2 anos, así como o cadro de persoal fixo.
Contía: 5.000 euros para a primeira persoa e 6.000 euros para a segunda e terceiras, que se poden incrementar dependendo dos colectivos con un máximo de 10.000 euros para a primeira persoa e 12.000 euros para a segunda e terceiras.
Prazo: para os contratos feitos dende o 1 de outubro de 2016 ata o 13 de marzo de 2017 ata o 13 de maio de 2017. Contratos feitos a partir do 14 de marzo de 2017 teñen de prazo ata o último día do segundo mes seguinte a data de contratación. Como prazo máximo establécese o 30 de setembro de 2017.

**PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS DESEMPREGADAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN (DOGA Nº168, DO 6 DE ABRIL DE 2017).**

Obxecto: Contratación indefinida inicial, a tempo completo ou parcial, de desempregados/as de longa duración, que se formalicen entre o 01/10/2016 e o 30/09/2017.
PARADO DE LONGA DURACIÓN: Desempregado de 45 ou máis anos de idade, que acredite un período de inscrición no Servizo Público de Emprego de, polo menos, 12 meses durante os 18 meses anteriores á súa contratación.
Requisitos, entre outros: Incrementar o cadro de persoal fixo da empresa e incrementar o emprego neto da mesma, respecto dos tres meses anteriores ao mes da contratación obxecto desta axuda.
Entidades Beneficiarias: Empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos autónomos, sociedades civís e comunidades de bens.
Contía dos incentivos:
.- As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse con unha axuda de 10.000 €.
.- Cando a empresa conte no seu cadro de persoal, no mes da contratación, cun mínimo do 75% de persoal indefinido, as contratacións indefinidas incentivaranse con unha axuda de 12.500 euros.
Esta contías incrementarase nun 25% nos seguintes casos: contratación de unha muller; incorporación dunha persoa discapacitada ou en situación de risco de exclusión social; contratación de unha persoa pertencente a unha unidade familiar na que todos os seus membros estean desempregados; ou no caso de que o centro de traballo se atope nun concello rural.
As contías dos incentivos nos contratos a tempo parcial serán proporcionais ao tempo de traballo efectivo.
Obrigas, entre outras: Manter en cómputo anual o número de traballadores fixos do seu cadro de persoal, durante un mínimo de 2 anos a contar dende a data da contratación.
Prazo solicitude:
.- Para as contratacións realizadas entre o 01/10/2016 e o 06/04/2017, ata o 06/02/2017.
.- Para as contratacións realizadas dende o 07/04/2017, ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral, co límite máximo do 30/09/2017.

**AXUDAS PARA O APOIO AOS INVESTIMENTOS NAS EXPLOTACIÓNS AGRICOLAS (PLANS DE MELLORA), PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS POR AGRICULTORES MOZOS E PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EXPLOTACIÓNS, COFINANCIADAS POLO FEADER. (DOGA Nº64, DO 31 DE MARZO DE 2017).**
Prazo de solicitude: Ata o 02/05/2017
**SUBVENCIÓNS PARA A PROGRAMACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE A PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS (DOGA Nº 59, DO 24 DE MARZO DE 2017).**
Prazo de solicitude: Ata o 24/04/2017
**SUBVENCIÓNS PARA A CREACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN DE PEQUENAS INFRAESTRUCTURAS PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES, COFINANCIADAS POLO FEADER (DOGA Nº 58, DO 23/03/2017).**
Dirixido a proxectos que utilicen como fonte enerxética a xeotérmica, aerotérmica ou solar térmica.
Prazo de solicitude: Ata o 24/04/2017.

**Información elaborada por CC Xestión - Tlf.: 881 973 307**

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 7

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 8



# O comercio de Melide exhibe tendencias para a primaveira-verán cunha pasarela de moda.

## Doce establecementos asociados a Asetem e modelos da vila amosaron propostas para esta nova tempada.

Chegaron as flores e o sol, por iso por un día Melide converteuse no centro da moda do interior de Galicia. O motivo, a pasarela organizada por Asetem e a empresa Studio-Cleck para dar a coñecer entre a clientela da comarca e arredores as propostas dos establecementos da vila para a tempada primaveira-verán que acaba de arrincar.

Con todos os ingredientes propios dun evento destas características (modelos apuradas e con nervios, rebumbios nos camerinos, photocall, música, focos e un público expectante e atento) a pasarela deu comezo a media tarde na casa da cultura coa participación de 12 tendas socias da patronal: oito de roupa, duas ópticas , unha zapatería e un comercio de complementos.

Durante algo máis dunha hora o público asistente puido ver sobre a pasarela propostas para home e muller de todas as idades; comezando polos pequenos a partir de tres anos, que cautivaron aos presentes coa súa desenvoltura desfilando e acapararon os aplausos máis sonoros. De seguido chegaron as propostas e complementos orientados para a mocidade e posteriormente a moda sénior. Tampouco faltou a roupa de festa para as ocasións máis especiais.

Sen dúbida os deseños vistos durante o desfile foron os auténticos protagonistas da tarde, mais non o foron menos os modelos amateur da vila que se encargaron de lucilos; nenos e adultos elixidos polas propias tendas participantes e Asetem . A súa colaboración desinteresada foi clave para que o desfile se realizade con éxito, ao igual cá do concello de Melide e La Gramola que se encargou da animación e música durante este temrante de desfile.

*Melide está de Moda*, como foi bautizado o desfile, tivo unha posta en escena dinámica na que se proxectaron fotografías de cada unha das tendas e se foron describindo os deseños presentados. A decoración, con mobles e flores de inspiración vintage, tamén correu a cargo de dous negocios da vila especializados: Mobles Buján e Floristería Marú. O resto de tendas participantes nesta primeira edición foron Colorín colorado, Pequeniños, Mis Mejores Labores, Sisuka , Medusa, Stardemoda, M&M, Tu Boutik, Perfumería Lyss, Multiópticas , Federóp-ticos.

*Sueños roupa infantil.*

*Pequeniños zapatería coa súa dona Rocío.*

*Melide está de moda* é unha iniciativa que xurdiu a proposta dos propios comerciantes asociados e que Asetem non dubidou en apoiar dende o primeiro momento. “Sempre tivemos interese por potenciar a imaxe de Melide como o centro comercial aberto que somos e este proxecto, sen dúbida ningunha, contribúe a iso”, expresou o presidente da patronal, Manuel Vázquez.

Despois esta foi a segunda vez que se apostou por un formato destas características, máis reducido e coa casa da cultura como escenario. O éxito do desfile anima a realizar unha nova pasarela de cara á tempada primavera-verán, unha idea que xa estaba en mente inicialmente e que agora sae reforzada. As datas máis probables serían os meses de marzo ou abril.

**Noite aberta.**

Trala boa experiencia do ano pasado, satisfactoria tanto para negocios como para clientes, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) pon en marcha a terceira edición da Noite Aberta, unha xornada con horarios de apertura excepcionais e grandes descontos en todo tipo de produtos.

As datas aínda estan por concretar pero prevese que se celebre no próximo me de Xuño.Como en anteriores edicións os comercios abrirán as súas portas ese día ata a media noite e os clientes poderán beneficiarse de rebaixas e ofertas.

Unha vez mais o traballo e a unión co que contan comerciantes da vila e ASETEM farase ver.

### COMERCIOS PARTICIPANTES.

**Federópticos**
Rúa do Convento, 17 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 981 50 54 67

**Colorín Colorado**
Ronda da Coruña, 10· 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 881 97 85 60

**M&M Moda**
Ronda da Coruña, 58 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 981 94 24 15

**Medusa**
Ronda da Coruña, 26 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 881 97 82 79 – 696 87 52 09

**Mis mejores Labores**
Ronda da Coruña, 38 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 981 50 90 85

**Multiópticas Tabora**
Ronda da Coruña, 20 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 981 50 51 99

**Pequeniños Zapatería infantil**
San Pedro, 4 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 981 50 79 66

**Perfumería Lyss**
Ronda da Coruña, 44 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 981 50 76 84

**Sisuka**
Rúa do Convento, 20 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 881 975 862 – 606 00 79 53

**Stardemoda**
Rúa San Pedro, 10 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 626 56 49 02

**Sueños Moda Infantil**
Alexandre Bóveda, 1 · 15800 · Melide · A Coruña
Tel: 981 50 17 87

**Tu Boutik**
Ronda Pontevedra, 61 · 15800 Melide · A Coruña
Tel: 881 05 63 94

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 9



# A PASARELA EN IMAXES

## *MELIDE ESTÁ DE MODA*

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 10



# A PASARELA EN IMAXES

## *MELIDE ESTÁ DE MODA*

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 11



# Medalla de Ouro ao servizo voluntario de protección civil de Melide.

A asociación de voluntarios de Protección Civil de Melide foi unha das escollidas pola Dirección Xeral de Emerxencias para recoller un dos galardóns máis prezados, a Medalla de Ouro aos 25 anos da súa existencia. O acto desenvolveuse na Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) e o xefe da agrupación, Juan Curros, recibíu este recoñecemento nun acto ao que tamén asistiron a alcaldesa de Melide, Dalia García Couso, e a concelleira de Benestar, María Jesús López Mourón.

Melide e a súa Protección Civil atenden de maneira voluntaria múltiples incidencias en temporais, accidentes de tráfico, apoio aos eventos, busca de desaparecidos...entre moitas outras accións, que sexan unha das asociacións máis valoradas pola vila.

A alcaldesa de Melide, Dalia García, apuntou que "para un pobo é fundamental contar cunha asociación de Protección Civil que acude voluntariamente e de maneira totalmente altruísta a cada chamada que se lle fai ante un problema onde moitas veces temos vidas en xogo". Así mesmo, subliña que ese labor xa foi recoñecido pola propia sociedade e mais polo Concello de Melide, que xa ten entregado este galardón a Protección Civil o día de San Pedro, día de Melide.

*O xefe de protección civil na vila, Juan Curros, recibíu o galardón.*

## Denuncian a desaparición dos sinais do tramo de pesca libre do Furelos.

A Asociación de Troiteiros Río Furelos denunciou ante a Garda Civil e ante o Servizo de Conservación dá Natureza da Xunta a desaparición de trece das catorce sinales que o colectivo colocou instando á pesca sen morte nos 6,2 quilómetros de tramo libre que ten a canle fluvial da comarca de Melide entre Ou Muíño dá Fervenza e A Ponche de Fraga. En senllas denuncias, os pescadores indican que «para a nosa sorpresa, nunca comprobación inicial, levada a cabo a semana do día 4 de abril, decatámonos de que xa foron arrincados 13 sinais, cos seus respectivos postes, sen que polo momento saibamos do paradoiro dos mesmos».

# Novo éxito da III edición das Probas de Traballo para Cans de Caza .

A fin de semana do 31 de marzo o 2 de abril, o concello de Melide foi todo un referente cinexético pola disputa de probas puntuables para a Copa Galicia das especialidades de Caza San Huberto, Rastro de Coello e Rastro de Xabaril. Unha terceira edición deste certame que ven a ratificar que a Copa Terras de Melide se posiciona nunha das probas cinexéticas máis destacadas a nivel nacional pola alta inscrición.

Incrementando o número de participantes nas diferentes disciplinas con respecto a edición do ano pasado.

**Rastro de Xabaril**

Máis de 80 monteiros cos seus respectivos cans citáronse en Melide para competir e acadar os primeiros postos no rastrexo do xabaril con cans atrelados. En 4 campos tiña lugar a ronda clasificatoria na que 6 cans de cada campo accedían a fase final. Dos 24 cans e monteiros que participaron na final foi a cadela "Chula" conducida polo asturiano Jesús Miguez o campión desta terceira edición Copa Terras de Melide ao acadar unha puntuación total de 233,5 puntos. Ó segundo caixón do podio subía o cazador Iker Ortega con "Zeus I" con 225 puntos. O monteiro, campión da edición anterior, Antonio Sánchez Sexto con "Tito" acadado o terceiro posto con 214,5 puntos.

Paralelamente a esta proba oficial de Rastro de Xabaril, tamén esta edición da Copa Terras de Melide acolleu unha proba social desta disciplina para os cazadores locais e a I Proba de Xabaril para nenos.

**Rastro de Coello**

Este ano Melide tamén quixo acoller unha proba de Rastro de Coello puntuable para a Copa Galicia da Federación Galega de Caza. Nesta ocasión foron 17 os lotes de cans participantes que gozaron de intensos rastrexos, levantes e persecucións dos coellos de Melide, nuns campos moi óptimos para o desenrolo desta disciplina.

Foi o lote de Alfonso Rey Baulde composto por "Xouba, Clay, Trasno e Trus" o que obtiña o primeiro posto con 515 puntos. Con 496 puntos a medalla de prata era para o lote "Four, Eros, Hix e Pol" conducido por Oscar Esparís Agra. A tan so un punto do segundo clasificado remataba José Javier Suárez Rama con "Monsieur, Cori, Sarela e Canela".

A cadela "Susi" de Iván Aragunde foi nomeada como mellor can da probra con 140 puntos.

**San Huberto**

Nun fermoso escenario disputábase a competición de San Huberto o domingo 1 de abril. Unha xornada con boa climatoloxía propiciou unha grata xornada de caza para os cazadores inscritos que participaron en 3 baterías clasificándose 6 cazadores para o barrage final. O campión desta terceira edición foi José Francisco Otero González co pointer de nome "Indio" cun total de 71 puntos. O segundo posto da clasificación xeral foi ocupado por Manuel Taboada Vigo co setter inglés macho "Himler" e un total de 70 puntos. Roberto Dopico Dopico acadou a medalla de bronce coa súa pointer femia de nome "Easy" con 49 puntos.

*cazadores participantes das probas de traballo para cans de caza.*

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 12



# A Xunta salienta en Melide a importancia dos obradoiros dirixidos á mocidade ao incrementar as oportunidades laborais.

*Os alumnos teñen a partir de agora máis oportunidades para atopar un emprego nas especialidades de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería e en instalación e mantemento de zonas verdes.*

A Xunta salienta en Melide a importancia dos obradoiros dirixidos á mocidade ao incrementar as oportunidades laborais.

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Alfonso Marnotes, participou hoxe na clausura e entrega de diplomas do programa mixto de formación e emprego Furelos, espazos naturais 2 de 2

Os alumnos teñen a partir de agora máis oportunidades para atopar un emprego nas especialidades de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería e en instalación e mantemento de zonas verdes.

Marnotes informou de que ata o 3 de abril está aberto o prazo de solicitude da nova convocatoria de axudas para a realización de obradoiros de emprego á que a Xunta destina este ano 20,5 millóns de euros.

Inclúense diversas novidades entre as que resaltou a ampliación da duración ata os 9 meses, a aposta polos proxectos con maior vinculación coa Industria 4.0 e os sectores estratéxicos e a prioridade para as persoas que máis o precisan.

Estes programas primarán os proxectos vinculados ao tecido empresarial local.

Marnotes puxo en valor o programa específico de formación e emprendemento no rural activado pola Xunta con 30 millóns de euros, que inclúe o deseño de obradoiros que centrarán a súa actividade no rural.

Os 20 alumnos que se formaron e obtiveron un contrato laboral neste obradoiro fixeron diversas actuacións de mellora no espazo libre e zona verde do centro sociocultural de Furelos e na área recreativa do río. Así mesmo, recibiron formación complementaria en informática, sensibilización ambiental e en igualdade de xénero, prevención de riscos laborais e formación e orientación laboral. Os participantes sen o graduado en ESO tamén recibiron formación en educación básica.

Marnotes informou de que xa está aberta a convocatoria de axudas para os obradoiros de emprego á que este ano a Xunta destina un total de 20,5 millóns de euros, preto dun 50% máis que na convocatoria inicial anterior, tanto para os programas ordinarios como para os específicos para os menores de 30 anos. A convocatoria dos específicos para a mocidade sairá publicada no DOG proximamente.

O director xeral explicou que este ano se inclúen diversas novidades como é que a partir de agora se valorará a relación da iniciativa co tecido empresarial da zona onde teña lugar o obradoiro e as posibilidades de inserción.

Ademais, ampliarase a duración ata os 9 meses, os concellos resultantes de fusións contarán con maior puntuación, primaranse os proxectos relacionados coa industria 4.0 e os sectores estratéxicos e terán preferencia as persoas e colectivos que máis o precisen como son os beneficiarios da Renda de Integración Social, as mulleres, vítimas de violencia de xénero, os parados de longa duración, os maiores de 45 anos, alumnos que carecen de títulos universitarios ou de FP de grao superior e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. O Goberno galego prevé con esta convocatoria beneficiar a 1.600 persoas.

*Alumnos do abradoiro recolleron os seus diplomas.*

***Os 20 alumnos que se formaron e obtiveron un contrato laboral neste obradoiro fixeron diversas actuacións de mellora no espazo libre e zona verde do centro sociocultural de Furelos e na área recreativa do río.***

## Aposta polo rural

Marotes expuxo as ventaxes que supoñen os obradoiros de emprego como é a súa contribución a fixar poboación no rural. Neste senso, lembrou que para o Goberno galego é unha prioridade o rural e, por iso, lembrou que a Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de activar con 30 millóns de euros un programa específico de formación e emprendemento no rural co que se prevé beneficiar a 13.000 persoas.

Esta iniciativa inclúe 10 medidas entre as que destacan a posta en marcha de obradoiros que centrarán a súa actividade no rural co deseño de 70 programas mixtos con contidos específicos para cada zona. Outras medidas innovadoras do plan son a Formación na porta que levará ata os concellos sen centros homologados os certificados de profesionalidade.

Marnotes, por último, destacou que os obradoiros, ademais de ofrecer unha formación de calidade e un acceso a un emprego cun contrato fomentan a colaboración institucional. “A formación é a chave que pode abrir oportunidades de cara ao futuro no eido laboral”, indicou, ao tempo que asegurou que “ninguén coñece mellor que os concellos as demandas e necesidades dos cidadáns, as obras e servizos máis necesarios e as oportunidades de emprego de cada zona”.

Agradeceu, deste xeito, a colaboración e coordinación dos concellos cos obradoiros de emprego para contribuír a mellorar o emprego nas comarcas de Galicia.

***“Marnotes puxo en valor o programa específico de formación e emprendemento no rural”.***

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 13



# O Concello de Melide saca a licitación tres obras financiadas polo PAI da Deputación.

O Boletín Oficial da Provincia publicou durante o pasado mes o anuncio de licitación de tres proxectos que financia o Plan de Aforro e Investimentos (PAI) da Deputación no concello de Melide. En total, a institución provincial destina 251.421 euros a estes proxectos que consistirán na reforma da Praza de Abastos, a pavimentación da rúa Grupo Sindical e o traslado das pistas de padel do Parque Rosalía de Castro.

O proxecto de reforma da Praza de Abastos licitase por 99.733 euros. As obras consistirán na posta en valor do espazo, que forma parte da rede viaria do casco histórico de Melide, e polo que discorren habitualmente os peregrinos para acceder aos albergues.

O proxecto pretende adecuar a praza á estética de rúas anexas coma a de San Antón. Para elo, disporase un plano continuo de lousa de granito nas proximidades das edificacións, a modo de beirarrúa, e adoquíns de granito no centro da praza para favorecer o tránsito rodado. O pavimentos substituiranse completamente, dotándoos de maior calidade técnica e medioambiental.

Ademais, executarase unha rede separativa de saneamento e de pluviais e soterrarase todo o tendido de subministro eléctrico, de iluminación pública e de telecomunicacións, o que mellorará a seguridade e o aspecto estético dos edificios.

Por último, disporanse varios árbores, bancos e outro mobiliario urbano e renovarase o sistema de alumeado para adecuar a praza de abastos ao plan de actuación para potenciar a imaxe corporativa da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés.

Por outra banda, outro vial do centro melidense, a rúa Grupo Sindical, reformarase cunha achega de 34.415 euros do PAI. Actuarase nunha superficie total de 2.165 metros cadrados, co obxectivo de reparar o firme en mal estado, debido ao desgaste e a numerosos baches.

Os traballos inclúen a limpeza da superficie e das cunetas, para posteriormente proceder á apertura de varias zanxas, onde se instalarán as tubaxes para saneamento e recollida de augas pluviais.

O firme repararse con aglomerado en quente e dobre tratamento superficial e pintaranse bandas transversais, sinais de tráfico e outras marcas viarias.

**Nova área de ocio nas inmediacións da piscina**

A Deputación destina 117.273 euros, a achega máis alta do PAI, ao traslado das dúas pistas de pádel do Parque de Rosalía, que se emprazarán no lateral suroeste da piscina municipal.

Os fondos provinciais cubrirán os custos do desmontado, o levantado dos pavimentos e a demolición das escaleiras, deixando o espazo libre para utilizalo coma zona de xogos infantís.

Posteriormente, instalaranse as pistas ao carón das situadas dentro do recinto ferial, e crearase un novo espazo de ocio na zona verde exterior. Os fondos da Deputación permitirán instalar novos elementos de xogo infantil, ademais dunha fonte adaptada a persoas con mobilidade reducida, unha papeleira e un banco.

As novas pistas de pádel terán un pavimento especial composto por céspede artificial de polipropileno, tratada contra os raios UV, instalado sobre unha soleira de formigón e unha capa de area sílice. Así mesmo, crearanse accesos aos recintos deportivos con adoquíns de granito.

*Inmediacións da piscina municipal, Praza de Abastos e rúa Grupo Sindical .*

# Unha trintena de proxectos optan en Arzúa e Melide a axudas do programa Leader.

Un total de 32 solicitudes de axudas recibiu o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo desde que hai dous meses comezou a operar nas comarcas de Arzúa e de Melide para xestionar 3,2 millóns, procedentes do programa europeo Leader. Esa é a contía que a Consellería do Medio Rural concedeu ao GDR do interior da provincia coruñesa, que para a concesión de subvencións a proxectos de desenvolvemento rural dispón, en concreto, de 865.676 euros da asignación total.Do conxunto das solicitudes recibidas, dezanove correspóndense con proxectos de carácter produtivo, que, de aprobarse, supoñerán un investimento de máis de 2 millóns de euros nos novos municipios de intervención do Ulla-Tambre-Mandeo, no que se traballa co obxectivo último de contribuír ao desenvolvemento económico e poboacional dos municipios de Arzúa, Boimorto, Touro, O Pino, Melide, Toques, Santiso, Sobrado dos Monxes e Vilasantar. O restantes trece solicitudes son de proxectos non produtivos, presentados por asociacións sen ánimo de lucro ou administracións municipais. A 1,5 millóns ascende o investimento que suman eses proxectos, aos que se destina o 35 por cento das axudas. Entre as iniciativas produtivas, repártese o 65 por cento da contía para subvencións.Aínda que o prazo de solicitude das axudas está aberto de maneira permanente, coas peticións recibidas ata o pasado 31 de marzo, a xunta directiva do GDR Ulla-Tambre-Mandeo realizará un proceso de selección no que primarán os proxectos que contribúan á creación de emprego e á mellora da calidade de vida da poboación, especialmente dos colectivos desfavorecidos.

Tamén se avalían outros factores como a incidencia ambiental do proxecto, o seu carácter innovador e a súa aposta polos principais sectores produtivos da zona como o agrogandeiro e o turístico. A xunta directiva do GDR, integrada polos sectores relevantes do territorio a través de entidades sen ánimo de lucro ou base social, reunirase en xuño para avaliar os proxectos.

UTM
GDR
ULLA TAMBRE MANDEO

**Avenida de Lugo, 41**
**O Pedrouzo-Arca. 15821**
**O Pino**
**Teléfono: 981 511 377**

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 14



# Unha moción de censura deixa ao PSOE sen a alcaldía de Sobrado.

O PSOE perdeu a Alcaldía de Sobrado tras materializarse este martes a moción de censura presentada polo PP e Todos por Sobrado e pola que, finalmente, saíu elixida como nova alcaldesa, María Jesús Souto, cuxo grupo municipal conta con dous edís fronte aos tres dos populares e os catro do grupo socialista.




O PP e Todos por Sobrado presentaron a moción de censura neste concello coruñés apelando, entre outras cuestións, ao incumprimento de acordos plenarios. Este é o mesmo argumento que mantiveron nunha sesión plenaria á que asistiron tamén veciños da localidade.

Fronte á denuncia de "intereses ocultos" detrás da moción por parte do ata agora rexedor, o socialista Lisardo Santos, a nova alcaldesa, María Jesús Souto, de Todos por Sobrado, asegurou que o acordo co PP non obedece a "unha cuestión política" vinculando a moción ao día a día da actividade municipal.

**Oferta de diálogo**

Tamén ofreceu diálogo ao grupo socialista. "Espero que isto sexa un equipo", dixo tras o pleno en declaracións "Agora somos dous equipos -engadiu sobre a súa formación e sobre o PP- e espero que tamén se integre o grupo socialista", engadiu apelando a promover no concello a colaboración por parte dos distintos grupos.

De novo e, fronte ao argumento do exalcalde para quen se trata de romper coa "vontade democrática, expresada a través das urnas", a nova alcaldesa insistiu en que non había "diálogo" por parte do ata agora alcalde. "Non se facilitaba documentación, nin se cumprían os acordos plenarios", engadiu.

E canto á repartición de competencias, sinalou que esa cuestión aínda non está concretada co PP e que, no seu caso, espera compatibilizar o seu cargo de alcaldesa coa súa actividade profesional. Pola súa banda, o xa portavoz do grupo socialista insta á rexedora a que a primeira reunión que celebre sexa con esta formación.

"Tendinlle a man, pero non se cando será", dixo sobre este posible encontro. Por parte, Lisardo Santos, ao que arrouparon outros alcaldes e edís como os de Mesía, Bergondo e Betanzos, atribuíu a moción ao obxectivo de quitar o executivo aos socialistas. "Temían que gañásemos as próximas eleccións por maioría", apostilou.

**O PP volve estar no goberno local, que ostentou durante 16 años.**

Todos por Sobrado, un partido nado do asociacionismo veciñal antes das municipais do 2015 e con dous concelleiros, liderará o novo goberno municipal de Sobrado dos Monxes ata as novas eleccións. Farao nun goberno en coalición cos populares, que conseguen así retomar o poder tras perder nos pasados comicios unha alcaldía na que levaban desde 1999 con maioría absoluta.Independentes e populares suman cinco concelleiros nunha corporación con só tres forzas políticas e onde o goberno local saído do 24-M, o do PSOE, que lograra catro concelleiros, quedará agora ocupando, en solitario, o banco da oposición.

"Cremos que debe gobernar a lista máis votada, pero o que non hai son unhas normas para o PP e outras para o PSOE. Non pode ser que o PSOE entenda que sempre ten que gobernar el, gañando ou perdendo? o secretario xeral do PP de Galicia, Miguel Tellado.

Os populares ven agora ?perfectamente lícito? desbancar ao rexedor de Sobrado aliándose con independentes, uns pactos que Feijóo considera ?de perdedores ?.

# 140 anos facendo música.

A agrupación fundouse no 1877 no Pazo de Vilar de Ferreiros, Visantoña.

A formación instrumental está de aniversario e non dun calquera, cento corenta anos, nin máis nin menos, son os que cumpre a agrupación música, á que a súa traxectoria case ininterrompida distínguea como a banda galega de maior antigüidade. Só a Guerra Civil ensombreció, polo menos publicamente, a actividade cultural dos veciños de Visantoña.

Un bo puñado de paisanos que se formaron na escola de música e que agora exercen profesionalmente nese campo e ata noutros países como México e Suíza.Ese centro de ensino que como resorte da banda tivo o acerto de crear o seu director perpetuo, o finado Eugenio Pazos Reyes -de feito, a escola leva o seu nome- funciona, en efecto, como canteira da agrupación instrumental, integrada hoxe por 35 músicos aos que dirixe a batuta de Iván Pantín Vázquez.

Todo este ano non será precisamente pouco. O participar meses atrás no Certame Galego de Bandas, que reúne todo o máis granadeiro do panorama galego fíxolles medrar moito.

A marxe da programación especial con motivo do 140 aniversario, a Banda de Música de Visantoña ten a axenda de concertos moi copada para esta tempada. Só a través da Rede Cultural da Deputación foi solicitada para unha decena de concertos. E máis dun, a maiores, tamén ten pechado.

## CONMEMORACIÓN ESPECIAL.

Xunto co Concello de Santiso, trabállase nun programa que inclúe, entre outros actos, unha exposición dos 140 anos da formación, un encontro de bandas e un intercambio cultural.

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 15

Especialidad en
Carnes y pescados a la brasa

Menú del día 9 €

# AVOGADAS

**ANA MATO SALGADO**

*R/ Xesús Carro, 15 - 2º*
*MELIDE*

**IRIA EXPÓSITO CAMBA**

*Praza de Sto. Domingo, 28 - 3º*
*LUGO*

**Tfls.: 671 833 425 / 605 27 02 82**

**Laboral Penal**
**Herdanzas Divorcios**
**Hipotecas Cláusulas chan**




Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:38 Página 16



CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:39 Página 17




centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ópticastábora

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:39 Página 18



# Fin de semana chea de música, artesanía, tradición e cultura.

Abre as súas portas o Venres 28 de Abril ben entrada a noite coa actuación do grupo Zoelas na praza das coles,Zoelas é un grupo musical de recente creación que nace na Comarca da Ulloa. O xermolo do colectivo sitúase na Asociación Fiadeira, da que forman parte as integrantes de Zoelas. O nome é collido daquela tribu prerromana que habitaba a zona noroeste da península. Un matriarcado cuxos valores serven ao grupo de inspiración para moitas das súas composicións.

Partindo do seu contacto coa música tradicional, deciden xuntar inquietudes musicais para dar lugar a Zoelas, proxecto no que misturan as raíces do canto tradicional con melodías doutros estilos musicais e letras propias convivindo con coplas recollidas. O Sábado 29 abrirá as súas portas a partir das 11h e permanecerá instalada na Praza do Convento durante toda a fin de semana. Reunirá a artesáns de todo o país repartidos en vinte postos que abarcan dende instrumentos de percusión, gaitas ou zanfonas ata confección de traxes tradicionais, talla de madeira, pedra ou coiro.

A primeira xornada da Foliada comezará cun dos pratos fortes, o concurso de cantos de taberna. Este ano celébrase a novena edición. Participarán vinte grupos e outros tantos locais de hostalería. Cada grupo fará un percorrido por oito locais no que recibirán a puntuación do taberneiro correspondente. Os tres grupos con maior puntuación serán os gañadores.

A mañá e a tarde virá acompañada de colorido musical polas rúas de Melide. Os encargados da animación de rúa serán os Os Treboeiros da Muimenta que acompañarán a xigantes e cabezudos, tamén se poderá desfrutar de un obradoiro de baile tradicional, "Entra no baile a bailar..." é o nome do obradoiro que Rebeca Tallón se encargará de impartir e que está dirixido a todo o público, enfocado a ser totalmente participativo coa intención de contar con nenos e maiores interesados en aprender recursos de baile tradicional.

O obradoiro levarase a cabo a partir das 18h na Praza do Convento

As sete da tarde. Un dos clásicos da Foliada. Un percorrido musical que enche as rúas de Melide de música. Participarán quince agrupacións musicais que se repartirán por diferentes rúas e prazas. Un pasarrúas multitudinario que anima á vila e nos encamiña ao centro mesmo da festa, a Praza das Coles, onde terá lugar o Serán.

**XEREMOLO DA FOLIADA**

O nacemento desta aventura foi un serán, unha reunión de amigos para tocar e bailar que pronto se fixo grande e colleu vida propia. A partir do serán xurdiu todo o demáis. O serán é unha festa. Uns tocan para que outros poidan bailar. Hai quen se inicia no baile, outros máis avanzados... “e o que non canta nen baila, qué ven facer ao serán? Aprender catro mentiras para ir contar mañán”. Non, tamén se pode vir a disfrutar dunha noite de música e bon ambiente na que participarán trece agrupacións musicais.

Como remate do Serán, a partir das doce da noite actuarán Pelepau e Maskarpone

Pelepau está formado por 11 percusionistas cunha proposta baseada en Cántigas de Taberna arranxadas para voces e percusións tradicionais cunha posta en escea dinámica e en constante interacción co publico. "Fío e agulla", o seu primeiro traballo discográfico, fai un percorrido pola música popular galega, mesturada e influenciada polos ritmos tradicionais das culturas que durante anos e no mesmo presente conviven cá colectividade emigrante galega, interpretadas cun chisco de humor, Maskarpone combina unha sabrosa mezcla de ska e reggae; xunto con pequenas trazas de rock e música tradicional. O seu repertorio está formado por temas propios e tamén algunhas versións. Posúen un directo moi enérxico.

O Domingo 30 de Abril continuará, nesta xornada as actividades da mañá desenvolveranse na súa maior parte na Praza do Convento onde a Mostra de artesanía e instrumentos será o principal atractivo.Durante toda a fin de semana a animación polas rúas estará conducida por diferentes grupos musicais que acompañarán a xigantes e cabezudos.O gaiteiro Oscar Ibáñez presentará o libro-Cd "Xoán Tilve. Gaiteiro de Campañó" e o Cd "Aires de Pontevedra. Homenaxe a Ricardo Portela". Á s 12h na Capela de Santo Antón.Ás 14h o grupo Andarivel será o encargado da Sesión Vermú na Praza das Ichoas.

Xa pola tarde os protagonistas serán os máis cativos. Poderán desfrutar da actuación de Paco Nogueiras co seu espectáculo Brinca Vai ás 17h na Praza do Convento.Tamén se entregarán os premios do concurso "Xente Cativa", un concurso de debuxo dirixido aos nenos e nenas dos colexios da comarca da Terra de Melide.

A partir das 18h na Praza do Pozo Pequeno a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional realizará un obradoiro de Xogos Populares dirixido a todos os públicos.

A exhibición de bailes tradicionais sempre tivo unha presencia destacada dentro da programación do domingo da Foliada. Nesta edición actuará A. C. Donaire de A Coruña.

E para rematar poderemos desfrutar de unha das voces máis carismáticas de Galicia-Davide Salvado e tamén Blues do País e o Sindicato da Verbena.Un grupo no que transforman temas clásicos do blues e do soul internacional en cancións con referencias galegas.

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:39 Página 19



# XII Campionato de pesca río Furelos.

Este pasado sábado como estaba previsto realizouse o XII Campionato de pesca do río Furelos. Despois do respectivo chocolate con churros en O Burato e unha vez sorteado os tramos entre os participantes que a deusa fortuna deparou, todos foron cabilando as armas a usar: culleriña, ninfas, perdigóns...afogadas. Cheos de ilusion, os pescadores foron achegandose a un río Furelos que estaba ansioso por recibilos e por descubrir as súas artes. O día amaneceu algo frío pero soleado e caluroso según foi avanzando a maña.

Dende as 08:30 ata as 13.00 foron pescando e mostrando as súas cualidades e amosando un compañerismo do que estamos moi orgullosos, prestandose axuda e intercambiando moscas.

A sorte foi desigual, pero moi repartida...moitas picadas, bastantes capturas da medida que dan conta da xenerosidade do río e da habilidade dos troiteiros. A clasificación final quedou da seguinte maneira según o numero de capturas:

1º.- Ruben Gómez Lodeiro de Melide

2º.- Iván Uriz Uriz de Aranga

3º.- Alejandro Rouco Villamor de Toques

A peza máis grade Luis Carlos Frade Prado de Melide cunha troita de 43,5cm.

A Xunta Directiva da Asociación de Troiteiros Río Furelos, agradece unha vez máis a colaboración das casas comerciais, Concello de Melide, Deputación de A Coruña, Servizo de Conservación da Natureza e a todos os participantes a profesionalidade mostrada.

# BENESTAR EN BALNEARIOS 2017

**NORMATIVA**: Orde do 8 de marzo de 2017 pola que se regula a oferta de prazas para as estadías e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2017. DOG nº 53 do 16/03/2017)

**OBXECTO:** Convocar un total de 600 prazas para as estadías e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2017.

**PERSOAS BENEFICIARIAS:**

-Ser maior de 60 anos, ou de 55 e reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións

-Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia

-Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria

-Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio

-Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

**DURACIÓN E SERVIZOS OFERTADOS:** As quendas teñen unha duración de 10 días, realízanse en réxime de pensión completa e desenvolveranse entre o mes de abril e o de decembro de 2017.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** Vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Ata o 17 de abril de 2017.

**MÁIS INFORMACIÓN NOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.**

# Melide recuperou na fin de semana o Salón de Automóbil .

O Pazo de Congresos e Exposicións albergou aos seis concesionarios de Melide que expuxeron as últimas novidades do sector automóbilistico. Ofrecéronse prezos moi competitivos e asequibles para todos os petos.

Melide converteuse o pasada fin de semana capital do mundo do motor coa presenza de seis concesionarios locais que ofreceron o seu produto estrela, os coches, no Pazo de Congresos e Exposicións de Melide, con prezos moi competitivos e para todos os petos. Melide recuperou, deste xeito, o Salón do Automóbil como unha demanda do sector comercial da vila para recuperar o pulo neste tipo de eventos, que supoñen unha concentración de esforzos para facer da capital melidense un mercado moi consolidado neste gremio.

Marcas de primeira e concesionarios de vehículos multimarca foron os participantes (Talleres Leiva, Motor Melide, Melicar, Talleres Mejuto, BertoCar e Desguaces Lual) e promotores do evento xunto co Concello de Melide. Onte, domingo 9 de abril, tamén houbo un reclamo para os amantes dos coches clásicos, unha concentración deste tipo de vehículos nos exteriores do Pazo de Congresos e Exposicións.

A entrada foi de balde entre o público asistente e, ademais, sorteáronse dous vales de desconto de 150 euros cada un, así como unha Tablet entre os participantes neste evento. A alcaldesa de Melide, Dalia García, visitou a feira e amosouse moi satisfeita coa boa acollida que ten este evento entre o sector, xa que colaborou en todo aquelo que se lle propuxo.

*Algún dos automóbiles expostos no salón.*

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:39 Página 20



# As parroquias de Melide celebran unha intensa Semana Santa.

A vila de Melide encherase nos próximos días de multitude de actos coa intensa programación de Semana Santa. Organizada pola Unidade Pastoral de Melide, os oficios relixiosos e procesións darán comezo o 9 de abril coa celebración da xornada de Domingo de Ramos e os actos estenderanse até o próximo Martes de Pascua, 18 de abril.

O Domingo de Ramos comezará con oficios nas parroquias de San Roque de Melide e Furelos ás 10.00 horas. Ás 11 da mañá, será a quenda das parroquias de Melide, Vimianzo e Santa María. Ás 12.00 horas, procederá á Bendición de Ramos en Melide e haberá unha misa en Meire. Ás 13.00 horas ofrecerase outra Eucaristía por esta xornada en O Leboreiro (cancélase a misa das 13.00 horas en Melide).

Xa pola tarde, ás 19.00 horas, terá lugar a celebración do Sacramento da Penitencia en Melide. Un acto que dará paso, ás 20.00 horas, á misa. Nela procederase á renovación dos votos dos cofrades da Cofradía de la Soledad e á imposición de escapularios aos que se incoporan.

Os oficios continuarán o Martes Santo (11 de abril) cunha misa en Melide ás 20.00 horas. Posteriormente, ás 20.30 horas, procederase á celebración do sacramento da Penitencia na igrexa parroquial melidense. O Mércores Santo (12 de abril), desenvolverase a Unción de enfermos en Melide á que seguirá unha misa. Finalizarán os oficios desta xornada coa celebración do Sacramento da Penitencia.

Os días máis intensos desta Semana Santa serán o Xoves e o Venres Santos. Así, o 13 de abril, os oficios relixiosos comezarán ás 10.30 horas coa celebración dos Sacramentos da Penitencia e Unción de enferos na parroquia de Santa María. Ás 12.00 horas, celebrarase o Sacramento da Penitencia en Melide. Pola tarde, ofrecerase nas parroquias de Melide e Cazallas a Misa da Cea do Señor a partires das 19.00 horas. Finalmente, ás 21.00 horas terá lugar en Melide a Hora Santa.

O Venres Santo (14 de abril) iniciarase ás 09.00 horas coa saída da procesión do Perdón e Rezo do Vía Crucis en Melide. Ás 10.00 horas, celebración do Sacramento da Penitencia en Melide. Ao comezo da tarde, haberá oficios en Santa María (16.30 horas) e en Furelos (17.00 horas).

O acto central desta xornada será a procesión do Santo Enterro en Melide ás 18.00 horas. A continuación, ofreceranse oficios relixiosos nas parroquias de Cazallas (19.00 horas) e Melide (19.30 horas). Finalizarán as celebracións do Venres Santo coa procesión da Virxe da Soidae en Melide a partires das 21.00 horas. No Sábado Santo, a parroquia de Melide acollerá a Vixilia Pascual ás 21.00 horas, ao igual ca o resto das parroquias.

Pola súa banda, o Domingo de Pascua encherase de misas con bendición de auga e de pan. Comezarán ás 10.00 horas en San Roque de Melide e nos Ánxeles, para continuar nas parroquias de Melide e de Os Ánxeles tanto ás 11.00 coma ás 12.00 horas. Ás 13.00 horas haberá misa solemne en Os Ánxeles e outra misa en Melide. Os oficios relixiosos continuarán ás 17.00 horas na parroquia de Santa María e finalizarán coas misas en Melide e nos Ánxeles ás 20.00 horas.

Concluirán as misas de Semana Santa o Luns Santo (17 de abril) cos oficios na parroquia de Os Ánxeles ás 10.00, 11.00, 12.00 e 20.00 horas. Haberá unha misa Solemne nesta mesma parroquia ás 13.00 horas. Finalmente, o Martes Santo (18.00 horas) concluirán as celebracións cunha misa ás 12.00 horas en Os Ánxeles adicada aos cofrades difuntos.

Podes consultar o díptico do programa na sección de axenda da páxina web do concello de Melide.

*Domingo de Ramos*
*9 de Abril*

10:00 h.: **Melide** (San Roque) y **Furelos.**
11:00 h.: **Melide, Vimianzo** y **Santa María.**
12:00 h.: **Melide (BENDICIÓN DE RAMOS)** y **Meire.**
13:00 h.: **Leboreiro.**
19:00 h.: Celebración del Sacramento de la Penitencia en **Melide.**
20:00 h.: Misa en **Melide. Cofradía de la Soledad.** Renovación de los votos de los Cofrades. Imposición de escapularios a los que se incorporan
(No se celebrará la misa de las 13:00 h. en Melide).

*Martes Santo*
*11 de Abril*

20:00 h.: Misa en **Melide.**
20:30 h.: Celebración del Sacramento de la Penitencia en **Melide.**

*Miércoles Santo*
*12 de Abril*

19:00 h.: Unción de enfermos en **Melide.**
20:00 h.: Misa en **Melide.**
20:30 h.: Celebración del Sacramento de la Penitencia en **Melide.**

*Jueves Santo*
*13 de Abril*

10:30 h.: Celebración de los Sacramentos de la Penitencia y Unción de los Enfermos en **Santa María.**
12:00 h.: Celebración del Sacramento de la Penitencia en **Melide.**
17:00 h.: Misa de la Cena del Señor en **Furelos** y **Santa María.**
19:00 h.: Misa de la Cena del Señor en **Melide** y **Cazallas.**
21:00 h.: **Melide** Hora Santa.

*Viernes Santo*
*14 de Abril*

09:00 h.: Procesión del Perdón y Rezo del Vía Crucis en **Melide.**
10:00 h.: Celebración del Sacramento de la Penitencia en **Melide.**
16:30 h.: Oficios en **Santa María.**
17:00 h.: Oficios en **Furelos.**
18:00 h.: Procesión del Santo Entierro en **Melide.**
19:00 h.: Oficios en **Cazallas.**
19:30 h.: Oficios en **Melide.**
21:00 h.: Procesión de la Virgen de la Soledad en **Melide.**

*Sábado Santo*
*15 de Abril*

21:00 h.: Vigilia Pascual en **Melide.**
21:00 h.: (Para todas las Parroquias).

Bendición del fuego nuevo (representa a Cristo Resucitado) y el agua.

*Domingo de Pascua*
*16 de Abril*

10:00 h.: Misa en **Melide** (San Roque) y **Os Ánxeles.**
11:00 h.: Misa en **Melide** y **Os Ánxeles.**
12:00 h.: Misa en **Melide** y **Os Ánxeles.**
13:00 h.: Misa en **Melide** y **solemne** en **Os Ánxeles.**
17:00 h.: Misa en **Santa María.**
20:00 h.: Misa en **Melide** y **Os Ánxeles.**

*Bendición del agua y del pan en todas las misas.*

*Lunes de Pascua*
*17 de Abril*

En **Os Ánxeles** misa a las 10:00, 11:00, 12:00 y 20:00 h. Misa solemne a las 13:00 h.

*Martes de Pascua*
*18 de Abril*

En **Os Ánxeles** misa a las 12:00, por los cofrades difuntos.

SEMANA
SANTA
2017

Unidad Pastoral
de Melide

1917 2017
CENTENARIO DE LAS APARICIONES DE FÁTIMA

Horario de cultos

*Programa para semana santa Melide.*

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:39 Página 21



# A igrexa parroquial encheuse de fieis na Bendición de Ramos da Semana Santa de Melide

**En Melide a Semana Santa conta con unha gran tradición. As cofradías ultiman durante todo o ano os detalles de esta celebración relixiosa que ano tras ano congrega a gran cantidad de fieis.**

# Melide no máis alto do deporte galego.

*Aron Ayude Pallas ,do concello de Santiso.*

O presidente da xunta Alberto Nuñez Feijo preside o acto de recoñecemento dos deportistas galegos que conseguiron medalla e competicións internacionais,Aron Ayude Pallas ,do concello de Santiso,que conseguiu dous bronces nos mundiais de kickboxing celebrados en Dublin en 2016 foi recoñecido por segundo ano consecutivo,xa que en 2015 consiguio bronce no europeo. Nuñez Feijoo felicítoo sorprendido por este feito ademais da o seu adestrador Jose Axude por todo o esforzo que supón chegar ao mais alto sobre todo tendo en conta que son dous anos consecutivos chegando á cima.

**O mago melidá Dani Polo vén de gañar o Almussafes Màgic 2017 un dos concursos internacionais de maxia máis importante de España.**

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:39 Página 22



## HISTORIAS CON HISTORIA

# O ATURUXO NA NOITE DO RURAL GALEGO.

Os que fomos mozos/zas a mediados do pasado século XX, quedamos abraiados e ata sentimos certa envexa, vendo a multitude de medios que existen hoxe para comunicarse, e mesmo verse as persoas mentres falan, dende calquera parte do mundo, mediante os Whatsapps, Twitters, etc.

Prendeu no pobo esta maneira de comunicación, incluso vendo e sabendo o que hai en calquera curruncho da Terra, ata o punto de crear unha adicción tal, que cando vas andando por unha beirarrúa estreita, se non vas atento mirando para diante, chegas a tropezar con alguén que, imbuído no que está vendo ou escoitando no seu minúsculo aparello, esquécese de andar e de pensar se estará entorpecendo o paso as demais persoas.

Estes medios de comunicación, que tantos beneficios aportan a humanidade, sempre que sexan utilizados normalmente, poden convertirse nun grande perigo para a xuventude, sobre todo na idade da sua formación, cando o vicio é de tal magnitude, que ata non poden comer sen ter na mesa a caron do prato o seu aparello, ou ir pendente do mesmo cando conducen.

Pero deixando para outra ocasión os modernos medios de comunicación, hoxe queremos deixar aquí constancia histórica, para coñecemento das novas xeracións, o que na antigüidade representou o aturuxo, como medio de comunicación, principalmente para mozas e mozos, nas escuras noites das aldeas, ata que xa ben entrado o pasado século XX, chegou a electricidade, as estradas e tamén as centrais telefónicas nas cidades e vilas, moito antes de que houbera teléfono fixo, na maior partte de viventdas privadas, sen imaxinar

que podería haber móviles nunca, ou polo menos en tan poucos anos.

O aturuxo normalmente era utilizado nas noites, como medio de saber por que camiño ou corredoira ía unha persoa; pero tiña distintas connotacións, ou maneiras de interpretar o seu contido, xa que tanto podía ser un signo de ledicia, tal que se dí na sua acepción xeral, como un xesto de desafío.

Cando as altas horas da noite, un mozo botaba un aturuxo, podían darse ata catro formas diferentes ou significados: Unha, que non lle contestara ninguén, e aquí acabou todo. Outra, que lle contestara un amigo, e entón chegaban a xuntarse, para pasar uns intres falando en boa e amistosa compañía. Outra, que lle fora contestado o aturuxo por outro mozo varias veces, pero seguindo cada un polo seu camiño, sen mais consecuencias. Pero no cuarto e derradeiro caso, podía ocurrir que foran contestándose os dous aturuxadores, cada vez con mais carraxe como desafiándose, e incluso facendo algún disparo coa pistola ou revólver, -de cuxas armas ían provistos ilegalmente, a maioría dos mozos naqueles tempos sen que pasara mais nada xeralmente.

Nas primeiras horas da noite, tamén podían escoitarse cantar e aturuxar as mozas, ben porque viñan de sachar unha leira de millo, ou tamén as costureiras que, traballando na casa dos labregos ata a noite, dispois había que trasladarse por camiñiños de entre o millo (dos que falaba Rosalía de Castro), ata recorrer algúns kilómetros para chegar a sua casa, e desta forma indicarlle ao mozo, por cal deles camiñaba.

Os mozos, tanto despois de deixar a moza na sua casa, ou acabar a partida de cartas na casa dalgún veciño (tarbernas por entón case non había), ía cantando sobre todo ao pasar por aldeas onde había mozas, pois sabían que éstas o escoitaban, e dicían: ¡aí vai fulano de onde fulana!.

Como final desta historia verdadeira, vou relatar a anécdota que me contou un amigo sobre o aturuxo de noite; pois él aturuxou unha noite atravesando un monte, e contestoulle outro, ían repetindo contínuamente, ata o punto de que o descoñecido para él, poñíalle tanto iterés en seguilo aturuxándo, que el pensa que buscaba pelexa; pero como dí o refrán: "se un non quere, dous non se pelexan", él ao chegar sua aldea meteuse na sua casa, e nunca soubo quen era aquel que con tanta vehemencia o viña seguindo, cada vez mais de preto.

Xosé Núñez

## A Gaita Gallega, primeira publicación en lingua galega da diáspora

César C. Vega



A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ 'O MES.

Director: CHUMIN DE CELTEGOS.

ANO SEGUNDO. | Da Habana: 5 de xuño d'1885 á 1886. | TOCATA 10ª

26 D'ABRIL DE 1846

'A memoria d'os mártires d'o Carral.

Publicación da Habana que viu a luz dende o 5 de xullo de 1885 ata o 30 de setembro de 1889. Levaba os subtítulos "Muiñeiras, fandangos y–alboradas, unha vez 'o mes", "Repinica muiñeiras, fandangos y–alboradas, unha vez 'o mes" e "Repinica muiñeiras, alboradas e fandangos". Administrárona, fundárona e dirixírona CHUMÍN DE CÉLTEGOS (Ramón Armada Teixeiro) e ROQUE D'AS MARIÑAS (Manuel Lugrís Freire). Saíu regularmente ata o 18 de decembro de 1889 e reapareceu o 20 de xullo de 1889 en calidade de "Suplemento á El Eco de Galicia".

O editorial de presentación de ROQUE D'AS MARIÑAS, "O noso pensamento", acolleu os obxectivos da difusión do movemento literario galego e da defensa das sociedades radicadas na Habana.

A maqueta organizábase coas seccións "Casos e cousas", "Refrás gallegos", "(Ultema hora) Partes telefonicos d'A Gaita" e "Gallegos de por acó". Colaboraron, entre outros, Manuel Amor Meilán, Valentín Lamas Carvajal, Benito Losada Astray, Roque Pesqueira Crespo, Lisardo Rodríguez Barreiro, Xan Manoel Rodríguez de Cea e Xan Manuel Pintos Villar.

Incluíu postumamente traballos de Francisco Añón Paz, Alberto Camino Sigüer, Nicomedes Pastor Díaz Corvelle e Andrés Rodríguez Muruais. Figuran así mesmo escritos asinados por heterónimos (G. SUS, MARCOS D'A PORTELA...) e numerosos pseudónimos sen identificar.

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:39 Página 23



## DIEGO SÁNCHEZ DE CLICKFERR SUMINISTROS CIRE (SIC)

# O cambio chega a suministros cire para achegarse o particular.

Esta empresa de Melide, que comezou a súa andaina no 1978 e que hoxe amplía e moderniza as súas instalacións nunha nave de 2.500 metros cadrados.

Ademais de alugar maquinaria para construción, profesionais desta rama ou de electricidade e outras poderán atopar aquí dende ferramentas ata roupa e calzado de traballo.

A cadea de ferraxerías Clickfer da central de compras Unifersa- abriu o pasado 1 de abril un novo punto de venda, en Melide .

Trátase de Subministracións Industriais Cire agora, Clicfer Sic, que decidiu incorporarse á cadea este ano para fortalecer a súa marca a través dunha renovación completa das súas instalacións.

Clickfer Sic dispón de 2.500 m2 de superficie todal dedicados á exposición de maquinaria de aluguer e a produtos de ferraxería. Esta zona ocupa ao redor de 500 m2. Tras a renovación, a tenda multiplicou por 20 a diversidade de produto dispoñible. Ademais, modernizouse e dispón dunha atractiva comunicación visual. Os produtos localízanse facilmente grazas á iconografía que sinala as diferentes zonas e correredores.

Diego Sánchez coa súa familia,Anxeles Vázquez e Dalia García con membros do seu equipo de goberno.

**¿ Cando comezá a súa andaina suministros Cire é en dónde ?.**

Esta ferretería industrial iniciou a sua actividade no ano 1975, un pequeno negocio familiar de dous irmáns meu tío e meu pai que se instalaron nunha céntrica rúa de Melide, a Rosaleda .

**¿ De dónde ven o nome de Suministros Cire ?.**

Por aquel entonces meu tío Roberto que era quen levaba o tema da contabilidade , tiña moito que ver co equipo de fútbol de Melide , estaba na directiva e por aquel entón preguntouse ¿que nome lle podemos poñer para poder víncular o negocio con Melide ?, pois de ahí o nome de Suministros Industriales Cire.

**¿Ata que ano podemos falar da traxectoría de Suministros Industriales Cire ?.**

Ata o ano 1996, nese mesmo ano os dous irmáns decidiron tomar camiños diferentes e separaronse , Roberto montou outra tenda e nos seguimos con esta, no ano 1996 tamen entrei eu a traballar na empresa, por esa falta de meu tío comencei a traballar na contabilidade e en ventas , facer un pouco o que el facía.

**¿Como xurdiu a idea de aluguer de maquinaria ?.**

Vimos que pouquiño a pouco o modelo de negocio que nos exercíamos ,que era de venta de maquinaria , sempre venta , venta , venta ,comenzamos a darnos de conta que a xente xa non compraba tanto que a xente alugaba, non decía quero comprar un martillo picador para romper o baño , costaba 150.000 pesetas , non gastaba ese diñeiro para romper un baño que é unha hora de traballo e a mesma clientela demandaba ese servizo que era o aluguer .
Pero non tiñamos pensado dar ese servizo , era algo novo e a xente desplazabase as cidades a alugar cousas, entón foi cando decidímos dar ese paso , un paso bastante importante, empezamos a alugar cousas moi pequenas e básicas , maquinas de lavar , picadoras.

**¿ Cando decidistes ampliar o negocio de aluguer de maquinaria ?**

Cando vimos que a clientela demandaba maquinaria a grande escala foi cando decidimos ampliar e facer unha nave no polígono , no ano 2002 trasladámonos aquí , meu pai seguía ca tenda de Melide e eu viñenme para aquí alugar maquinaria , seguia sendo a mesma empresa pero eu estaba alugando aquí e el vendendo alí .

**¿Como se decidiu dar o salto a venta o partícular aquí no polígono ?**

Vimos que unha vez que a xente chegaba a nave, decianos : “olle quería comprar un disico ou calquer cousiña” , demandaba cousas pequenas, guantes , botas ,discos ,

> “Tenche de todo, eso é o que nos interesa”

e decidimos dar outro pequeno paso no ano 2007 que foi montar aquí outra tenda,140 metros cadrados para dar ese servizo de venta . Vimos que pouco a pouco está tenda aumentaba a facturación e centralizamos todo , pechamos a de Melide e viñémonos definitivamente para o polígono, unha aposta arriscada porque fai quince anos o polígono dispoñía de pouquiñas naves , pero aguantamos todos estes anos ata que no 2008 fixémonos socios de UNIFERSA .

**¿ Como afectou o negocio facerse socios de Unifersa? .**

Abriusenos moito o abano de posibilidades, de venta, coñecemos mais provedores,referencías e productos sobre todo de ferretería.

**¿Como surxiu a construcción de esta nova nave no polígono ?.**

Está quedaba moi pequena ,e no pasado ano decidimos abrir outra apostando sempre por o polígono, maís grande de 500 metros cadrados nunha superficie de 2.500 para aluguer.

ClicKFerr
ClickFerr SIC
Tel: 981 50 79 54

CERNE 135 - abril 2017_Cerne Impesión 135 12/04/2017 12:39 Página 24